

SADA

O poeta e cantor Baldomero Iglesias “Mero”, presenta hoxe en Sada o seu libro de poemas “No papel que mudo escoita”

Hoxe ás 20:30 h., na Capela de San Roque de Sada, Baldomero Iglesias (Mero) presentará o seu poemario “No papel que mudo escoita”. No acto intervirán Alfonso Blanco, David Otero, Xoán Xosé Fernández Abella, Mini e Mero. A actuación musical correrá a cargo de Raúl Galego e do propio Mero acompañado do seu inseparable Mini. ..



A presentación do libro está organizada pola Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo. O libro está publicado pola Irmandade Manuel María (Foulaes do Rañego, nº 8). Con ilustracións de Sabela Arias, resume en trescentas trinta e oito páxinas o seu mundo vital. Ten alusións a Vilaalba, á Terra Chá, a Mesía, a Lugo e á muralla, a Duarria (Castro de Rei), á Galiza emigrante en Cuba, ao amor, á Patria, á xustiza... É unha autobiografía lírica de amor á Patria, esa nación amada.

Di Mero que é un libro de poemas que escribiu ao longo de varios anos, o resultado dunha selección que fixeron dous amigos, Mini e Alfonso Sanmartín, aos que lles pasou mais de 1.000 poemas. Conta que escribir poesía é unha terapia para el e que escribe moita, así que cada un deles elixeron uns cen e algúns máis foron selección do propio autor porque pensou que tiñan que estar no libro. En total hai uns 350 poemas no libro.

Baldomero Iglesias, Mero, conta coa poesía para agasallarnos cos seus pensamentos máis íntimos e críticos coa realidade que o arrodea. Conta con dous poemarios anteriores publicados “Na lonxitude do tempo” (Espiral Maior, 2006) e “Recendos de luz e de sombra” (Fundación Manuel María, 2006). Como obra colectiva ten “A cidade na poesía galega do século XXI” (Editorial Toxosoutos, 2012).

Conta Mero que no seu libro fala de amigos, lembranzas, lugares, recantos, desexos,

ausencias, de imaxinar un futuro que é moito máis bonito, máis cheo de cores, con menos miserias e desigualdades e menos pobreza. E ás veces a poesía é un argumento moi bo para preconizar tempos mellores, porque miles e miles de veces tropezamos nas mesmas pedras.

Mero, o cantor-poeta desta nosa Galiza, escribe nun papel que mudo escoita. Escribe poemas sempre fermosos e que nos emocionan, versos que saen directamente do Mero máis íntimo.

